



# Vantaxes dos repositorios para a difusión e visibilidade da investigación en Ciencias Sociais e Humanidades



## Que documentos se poden publicar?

Monografías, series monográficas, actas de congresos, working papers, informes de investigación, manuais para a docencia, libros homenaxe, etc.



## Vantaxes



**Consulta a@s bibliotecari@s da túa universidade** para que te asesoren en boas prácticas de edición, dereitos de autor (licenzas Creative Commons), etc.

**Axudamos a difundir os resultados da túa investigación** e a cumprir os requisitos dos organismos financiadores.



# Como cumplir cos mandatos sobre xestión e publicación de datos en Horizonte 2020

Programa Horizonte 2020 (art. 29.3)



## A quen afecta

**Investigadores/as** con proxectos subvencionados por Horizonte 2020



Por razóns de confidencialidade, seguridade, explotación industrial... **poden non publicar os seus datos**



## Que obriga a depositar

**Os datos**, incluídos os seus metadatos, necesarios para validar os resultados presentados nas publicacións científicas

**Outros datos**, incluídos os seus metadatos, especificados nos plans de xestión de datos dos proxectos de investigación



## Requisitos

**Desenvolver e manter** un Plan de Xestión de Datos

**Depositar** os datos nun repositorio de datos de investigación

**Indicar** que ferramentas se requiren para usar os datos

**Permitir** o acceso, explotación e diseminación de datos

## Vantaxes

- Permite **validar os resultados** presentados en publicacións científicas e outras fontes de información
  - Permite basearse nos **resultados de investigacións previas**
  - **Fomenta a colaboración** e evita a duplicación de esforzos
    - **Acelera a innovación**
- Mellora a **transparencia do proceso científico**

Recomendado o uso de licenzas Creative Commons





# O ciclo dos datos científicos



Axuda a planificar a investigación



O persoal da túa Biblioteca pode asesorarte



# Ciencia Aberta: A investigación e os datos científicos accesibles e abertos a toda a cidadanía

## Open Science



**Open Repositories**  
Repositorios Abertos



**Open Access**  
Acceso Aberto

Acceso sen trabas económicas, tecnolóxicas ou xurídicas ás publicacións científicas

**Open Access Journals**  
Revistas de Acceso Aberto



**Open Reproducible Research**  
Investigación Reproducible en Aberto

Acceso libre aos elementos experimentais para a reprodución da investigación



**Open Research Data**  
Datos de Investigación Abertos

**Open Source in Open Science**  
Código Aberto para a Ciencia Aberta



**Open Peer Review**  
Revisión por Pares Aberta



**Open Science Evaluation**  
Avaliación da Ciencia en Aberto

Avaliación aberta dos resultados de investigación, ampliando a revisión tradicional coa contribución da comunidade

**Open Metrics and Impact**  
Impacto e Métricas Abertas



**Open Data**  
Datos Abertos

Datos que están dispoñibles en liña de forma gratuíta e que se poden usar, reutilizar e distribuír



**Open Big Data**  
Datos Masivos Abertos

**Open Government Data**  
Datos Gobernamentais Abertos





# 10 pasos para elaborar un Plan de Xestión de Datos

Un **Plan de Xestión de Datos** (PXD) o Data Management Plan (DMP) é un **documento formal, que se debe presentar ao inicio da investigación, no que**

**se describe que vas facer cos teus datos durante e despois de finalizar a túa investigación** e que pode modificarse se se producen cambios no proceso da mesma.

## Por que?

É unha **boa práctica**, é un **elemento chave da Open Science** e é **obrigatorio** nos novos proxectos H2020.

### Ferramentas gratuítas para elaborar un PXD

  
**PGDonline**  
(Consortio Madroño)  
<http://dmp.consortiomadrono.es/>

  
**DMPonline (Digital Curation Centre, UK)**  
<https://dmponline.dcc.ac.uk/>



01  
Revisa os **requirimentos** da entidade financiadora (H2020).



02  
**Identifica os datos:** tipoloxía, procedencia, volume, formatos e ficheiros.



03  
**Define como se organizarán e xestionarán os datos:** nome dos ficheiros, control de versións, software necesario...



04  
**Explica como se documentarán os datos:** identifica a información a procesar, consulta se hai estándares ou esquemas de metadatos, identifica ferramentas que permitan xestionalos.



05  
Describe os procesos que aseguran unha **boa calidade dos datos**.



06  
**Prepara unha estratexia de almacenamento** (durante o proceso) e de preservación de datos (repositorio).



07  
**Define as políticas de datos do proxecto:** cuestións sobre propiedade intelectual e como se tratarán os datos sensibles e persoais.



08  
**Describe como se difundirán os datos:** onde, cales, cando se van difundir. Se publicarás os datos nun repositorio, como información suplementaria do artigo ou como un "data paper".



09  
**Asigna roles e responsabilidades** para as persoas e organizacións participantes no proxecto.



10  
**Prepara un orzamento realista:** a xestión de datos custa tempo e cartos en termos de software, hardware, servizos e persoal.





# Cita os teus datos de investigación



## Por que é importante citar os datos:


- Os conxuntos de datos tamén son resultados de investigación como os artigos, monografías, etc.
- Facilita a identificación e o acceso aos datos e desta forma a súa localización, validación e reutilización.
- Permite recoñecer a autoría das súas creadoras ou creadores.
- Facilita a métrica e impacto dos datos.
- Favorece a transparencia da investigación científica.

## Boas prácticas para citar datos:


- Débese facilitar a identificación, localización e o acceso aos datos mediante un identificador único e persistente (DOI, Handle, etc.).
- Cada conxunto e subconxunto de datos (dataset) debe citarse de forma independente.
- As citas dos datos utilizados han de aparecer na sección de referencias bibliográficas da publicación resultante.
- Recoméndase incluír un identificador único de autor/a (ORCID, etc.).

## Elaboración da cita

- Existen elementos mínimos obrigatorios (O) e outros recomendados (R) que se combinan para elaborar a cita en cualquiera estilo estándar (APA, MLA, Chicago, etc.) ou os propostos polos principais repositorios de datos (Dataverse, Dryad, etc.).



## Exemplo de cita estilo APA



**Enlaza os datos cos documentos resultado de investigación e viceversa, e crea as referencias bibliográficas dos mesmos.**



**O persoal da túa Biblioteca pode asesorarte**